



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



DON JOSÉ MOURE CANEDA, con NIF 33.272.700-A, en calidade de Secretario Xeral da FGC, con domicilio social na porta 12 do Estadio Verónica Boquete de San Lázaro, en Santiago de Compostela, da que é presidente Don Javier Nogueira Diz.-----

## Certifica:

Que con data de hoxe, 15 de xullo de 2022, conforme ao previsto no art. 15 do Decreto 16/2018, modificado polo Decreto 171/2021, vén de publicarse na páxina web da FGC, na sección de procesos electorais, e nos taboleiros de anuncios da FGC e das súas Delegacións Provinciais, a **convocatoria de eleccións á asemblea xeral, presidencia e comisión delegada (adxúntase copia) así como o Regulamento electoral, Calendario e Censo provisional.**

E para que conste aos efectos oportunos, expídese a presente certificación en Santiago de Compostela, a quince de xullo de dous mil vintedous.

Vº pº

O PRESIDENTE,

Asdo.: Javier Nogueira Diz

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: José Moure Caneda

DON JAVIER NOGUEIRA DIZ, con DNI 52.500.339-X, en virtude do establecido no art. 15 do Decreto 16/2018, modificado polo Decreto 171/2021, e dando cumprimento ao acordo adoptado pola asemblea xeral extraordinaria da Federación Galega de Caza (FGC) celebrada o 20 de maio de 2022,

## **DISPOÑO:**

Que con data de hoxe, 15 de xullo de 2022, se proceda a publicar no taboleiro de anuncios da FGC e das súas Delegacións Provinciais así como na páxina web da FGC e na sección de procesos electorais, a presente **convocatoria de eleccións á asemblea xeral, presidencia e comisión delegada, xunto coa seguinte documentación e información:**

- 1. REGULAMENTO E CALENDARIO ELECTORAL**, aprobado por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte de data 23-6-2022.

[Prema para descargar Regulamento](#)

[Prema para descargar Calendario](#)

- 2. CENSO ELECTORAL PROVISIONAL**, separado por circunscricións electorais e por estamentos de Sociedades, Deportistas, Xuíces e árbitros e Outros colectivos (xuventudes).

[Prema para acceder a consulta de censo](#)

- 3. XUNTA ELECTORAL: composición, prazo de recusación, sede e remisión da documentación.**

### **Composición:**

A xunta electoral, elixida pola asemblea xeral extraordinaria da FGC de data 20-5-22, intégrana as seguintes persoas:

TITULARES	SUPLENTES
DON VICENTE SILVA MEILÁN	Don Juan Antonio Sánchez Mancebo
DON AGUSTÍN PÉREZ-BATALLÓN ORDÓÑEZ	Don Manuel García Pombo
DON ANTONIO LÓPEZ IGLESIAS	Don Elisardo Cea Cebreiro

### **Recusación:**

As persoas membros da xunta electoral poderán ser recusadas no prazo previsto no calendario electoral

### **Sede:**

A sede da xunta electoral queda establecida na sede central da FGC, sita no Estadio Verónica Boquete de San Lázaro porta 12 (C.P. 15707), en Santiago de Compostela (A Coruña), Email [xuntaelectoral@federaciongalegadecaza.com](mailto:xuntaelectoral@federaciongalegadecaza.com)

### **Forma de remisión da documentación.**

Os escritos, reclamacións e calquera outra documentación dirixida á xunta electoral deberán presentarse, persoalmente, en calquera das sedes da FGC que se citan no Anexo III do Regulamento electoral (dentro dos horarios establecidos no citado anexo) ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a súa presentación na sede federativa dentro do prazo previsto no calendario, debendo facerse constar o enderezo de correo electrónico do remitente a efectos de posibles notificacións.

#### 4. COMPOSICIÓN DA ASEMBLEA XERAL: distribución por estamentos e circunscricións.

O número de persoas membros da asemblea xeral é de 100 coa seguinte distribución por estamentos e circunscricións electorais, sen prexuízo das modificacións previstas no art. 17.1 do Regulamento Electoral:

CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL	ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS (65%)	ESTAMENTO DE DEPORTISTAS (20%)		ESTAMENTO DE XUÍCES E ÁRBITROS (10%)	ESTAMENTO OUTROS COLECTIVOS (Xuventudes) (5%)
		DEPORTISTAS	DGAN		
CORUÑA	18	7	1	5	2
LUGO	21	5		2	2
OURENSE	10	2		0	0
PONTEVEDRA	16	5		3	1
<b>TOTAL</b>	<b>65</b>	<b>19</b>	<b>1</b>	<b>10</b>	<b>5</b>

#### 5. O VOTO POR CORREO NAS ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL: procedemento e prazos.

O voto por correo só se poderá exercer nas eleccións a membros da asemblea xeral (no caso daquelas persoas que votasen por correo e tamén presencialmente, prevalecerá o voto presencial). Para as eleccións á presidencia e á comisión delegada só está permitido o voto presencial.

O procedemento a seguir para exercer o voto por correo está establecido no art. 20 e *Anexo I* do Regulamento electoral.

As solicitudes do voto por correo deberán presentarse, **desde o 18 de xullo ata o 30 de agosto**, a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia mediante o **formulario normalizado que consta no Anexo II do Regulamento electoral**. As persoas que non estean obrigadas á súa presentación electrónica poderán presentar, dentro do prazo sinalado anteriormente, a solicitude nos Servizos Provinciais da Secretaría Xeral para o Deporte (ou en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común) utilizando igualmente o formulario normalizado.

[Prema para descargar o formulario normalizado](#)

Unha vez solicitado o exercicio do voto por correo, recibida a documentación correspondente para poder exercelo, o sobre coa papeleta de votación e coa fotocopia do DNI (ou documento equivalente) introducíranse no sobre para a remisión do voto por correo que deberá conter todos os datos que se sinalan no modelo que consta no *Anexo I.B)* do Regulamento electoral. **A data límite para depositalo nas oficinas de Correos é o 29 de setembro.**

#### 6. VOTACIÓNS: data de celebración, horarios e modelos de sobres e papeletas.

As votacións para a elección das persoas membros da asemblea xeral, presidencia e comisión delegada, celebraranse nas datas, horarios e lugares determinados no Calendario electoral:

ELECCIÓN DAS PERSOAS MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL:			
• VOTACIÓN PRESENCIAL	DIA: 7-10-2022	Horario votación presencial: <u>De 16:00 a 20:30 h.</u>	<u>Lugar:</u> Sedes das Federacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
• VOTO POR CORREO	<u>Fin de prazo para emitir o voto por correo:</u> 29-9-22	Escrutinio do voto por correo: <u>11-10-22 (16:00 h)</u>	<u>Lugar:</u> Sede da Secretaría Xeral Deporte (Rúa Madrid 2-4 Santiago)



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



#### ELECCIÓNS Á PRESIDENCIA E Á COMISIÓN DELEGADA:

- VOTACIÓNS PARA A ELECCIÓN DA PRESIDENCIA E DA COMISIÓN DELEGADA
- DIA: 9-12-22
- Horario:  
19:00 h 1ª convocatoria  
19:30 h 2ª convocatoria
- Lugar: Sede RFGF  
(Estadio Verónica Boquete de S. Lázaro, Santiago)

Se o número de persoas candidatas á asemblea xeral ou á comisión delegada coincide co número de candidaturas a elixir, ou é inferior, non se efectuará a votación. Tampouco se efectuará votación á Presidencia no suposto de presentarse unha soa candidatura que reúna os requisitos establecidos no Regulamento.

Unha vez proclamadas as candidaturas definitivas á asemblea xeral, presidencia, e comisión delegada procederase, no seu caso, á elaboración dos sobres e papeletas de votación, conforme aos modelos oficiais que constan no *Anexo I* do Regulamento electoral, e serán facilitadas pola xunta electoral en cantidade suficiente ás mesas electorais.

#### 7. DISOLUCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA E NOMEAMENTO DA COMISIÓN XESTORA.

Con data de hoxe **queda disolta a xunta directiva asumindo as súas funcións unha comisión xestora** elixida pola xunta directiva e pola comisión delegada en reunión celebrada o 28-6-2022, segundo o previsto no art. 10.3 do Regulamento electoral, **integrada polas seguintes persoas:**

TITULARES:		SUPLENTE	
PRESIDENTE:	DON JAVIER NOGUEIRA DIZ		
SECRETARIO:	DON JOSÉ MOURE CANEDA	Secretario suplente:	DON ANTÓN ARROJO REGUERA
TESOUREIRO:	DON JUAN M. TURNES SOUTO	Tesoureiro suplente:	DON JAIME LAGE PÉREZ
VOGAIS:	DON CARLOS SOUTO TOBIO	VOGAIS suplentes:	DON EMILIO ROMERO CASTRO
	DON DIEGO QUINTAS RAMOS		DON RAFAEL E. SÁNCHEZ Malvar
	<i>Estamento Entidades Deportivas:</i>		<i>Estamento Entidades Deportivas:</i>
	SDADE NEIRA JUSÁ (Rpte. Jesús de Arriba Núñez)		SD RIO SAR (Rpte. José L. Sánchez Mancebo)
	<i>Estamento Deportistas:</i>		<i>Estamento Deportistas:</i>
	DON JOSÉ A. SECO ALVITE		DON MANUEL FEIJOO CASTRO
	<i>Estamento Xuíces árbitros:</i>		<i>Estamento Xuíces árbitros:</i>
DON JOSÉ A. PENA FERNÁNDEZ	DON ROBERTO C. COSTAS TELLADO		
<i>Estamento Outros colectivos (Xuventudes):</i>	<i>Estamento Outros colectivos (Xuventudes):</i>		
DON DIEGO PALLAS LAGE	DON SERGIO SUÁREZ FERNÁNDEZ		

En Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

O PRESIDENTE

Asdo.: Javier Nogueira Diz